


As fontes demográficas: Tipos de fontes demográficas para analizar cuantitativamente a poboación.



En España, os datos censuais son rexistrados polo INE (Instituto Nacional de Estadística) <https://www.ine.es/> e o IGE (Instituto Galego de Estatística). <https://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>

Fonte demográfica	Definición	Datos	Temporalidade
O censo	É o recento individualizado da poboación dun país nun momento determinado. <i>Non confundir CENSO DE POBOACIÓN de CENSO ELECTORAL (maiores de idade con dereito ao voto)</i>	Sexo, idade, estado civil, lugar de nacemento, nacionalidade, lingua falada, nivel de estudos, características económicas, fecundidade feminina, vivenda.	Realízase cada dez anos nos anos acabados en 1.
O padrón municipal	É o rexistro dos veciños dun concello	Nacementos e defuncións. Altas e baixas residenciais dos veciños.	É actualizado o 1 de xaneiro de cada ano.
O rexistro civil	Recolle nacementos, defuncións e matrimonios.	Permite elaborar as estatísticas do movemento natural da poboación.	Diaria
As estatísticas	Recompilan datos procedentes de diversas fontes.	Anuarios Estatísticos do INE.	Anual
As enquisas	Ofrecen información máis detallada sobre mostras máis concretas.	Estatísticas de Variacións Residenciais. Enquisa de Poboación Activa.	Anual Trimestral

REXISTROS ECLESIAÍSTICOS	Os rexistros eclesiásticos iniciáronse co Concilio de Trento no ano 1545-1563, cos arquivos das Igrexas, precursores do rexistro civil. Son realmente arquivos extensos no tempo e minuciosos para o xenealoxista xa que rexistraron multitude de feitos históricos. Non só atoparemos os bautismos, matrimonios e defuncións tamén existen expedientes de dispensas matrimoniais (lazos de consaguinidade) doazóns, décimos, etc. Son rexistros de nacementos, matrimonios e defuncións.
---------------------------------	---